Do resto das alegacións efectuadas polo grupo municipal do BNG, dado que recollen observacións desta Secretaría efectuadas no informe económico-financieiro, asuméñse polo funcionario que suscribe.

**Sétimo.-** A alegación do P.P. presentada o 8-02-13 é extemporánea por estar presentada fora de prazo.

**Oitavo.-** As alegacións presentadas polo P.P. son correccións e modificacións ao orzamento, que supón entre outras reducións ou supresións, a supresión de tres prazas (aux. policía local-auxiliar comunicación alcaldía e auxiliar admvo. PXOM-Infraestructuras), significan unha redución por importe de 142.476,00 €.; pero correlativamente incrementáse dita cantidade noutros conceptos de gastos correntes e de inversión.

As mesmas entran no campo de razóns de conveniencia e oportunidade, e no seu caso dunha visión alternativa da acción de goberno.

**Noveno.-** Finalmente insistir com xa se ven dicindo nos orzamentos anuais, que é necesario proceder a unha planificación dos recursos humanos do Concello, regularizando postos de traballo á vista de si son estruturais ou non en base ao artigo 22.2 da Lei 39/2010.

Tal é o meu informe, non obstante o Pleno da Corporación co seu superior criterio acordará o que estime convinte.”

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Voceiro do Partido Popular, Sr. Sixto Galiano: Dando lectura os escritos de alegaciones anteriormente transcritos.

No plano da crise no que nos vemos inmersos acaba de elaborar un anteproxecto de Lei de Reforma das Entidades Locais, no cal paradoxicamente ben a formular o que desde este grupo estamos demandando, según dito anteproxecto os Concellos que están nun horquilla de entre 5.001 e 10.000 habitantes que é o noso so



podería ter un Asesor, e nos temos 5 Asesores, o soldo do Sr. Alcalde neste anteproxecto para os Concellos de entre 5001 e 10.000 habitantes tería que ter un teito máximo de 40.000 euros, a pasada semana se comunico una prensa que o salario do Alcalde de Ares era de 43.000 euros (o máis elevado en toda a zona entre os concellos de 5000 a 10000 habitantes), así como o máis asesorado e o máis hipotecado, estando ó borde do copalzo, no escenario de crise que estamos vivindo non parece normal semellante soldo, nin semellantes asesores, desde o Grupo do Partido Popular de Ares creemos que de seguir así mantendo esto, o Concello de Ares é insostenible, totalmente insostible, e proba evidente delo é que despois de tanto axuste que fixemos, de facturas impagadas do 2011, xa volve a estar cheo de facturas impagadas do 2012, e hai empresas as que se lles debe 6 meses de pago, a outras 3, polo pouco que sabemos nos.

Sr. Alcalde, fas o favor de ceñirte o punto da Orde do Día, nos acordamos en Xunta de Voceiros que as intervencións tiñan que limitarse os puntos, tes que expoñer as alegacións, entonces pidoche que te ciñas á orde do día, xa presentaches as extemporáneas que están rechazadas, non poden vir a Pleno porque están fora de prazo, aquí hai unhas regras e ninguen pode facer o que lle da a gaña Sixto, te pido por favor que te ciñas as alegacións, as escribiche ti, se quereias falar de máis cousas habelas escrito ahí.

Sr. Sixto Galiano: A alegación presentada o día 8 de febreiro de 2013, é extemporánea por tela presentado fora de prazo.

Sr. Alcalde, entonces xa non podes falar dela, porque tes que expoñer a que se aceptou, tes un turno de intervencións para as alegacións, continuas e te ciñas senon te retiro a palabra.

Sr. Sixto Galiano, na resolución do Sr. Secretario-interventor como ben di na resposta ás alegacións, as alegacións presentadas polo PP son correccións e modificacións o orzamento que supón entre outras reducións ou supresións, a supresión de tres prazas (aux. policía local-auxiliar comunicación alcaldía e auxiliar administrativo PXOM-Infraestructura) significan unha redución por importe de 142.476,00 euros, pero correlativamente incrementáse dita cantidade noutros conceptos de gastos correntes e de inversión.

As mesmas entran no campo de razón de conveniencia e oportunidade (di o Sr. Secretario-Interventor), e no seu caso dunha visión alternativa da acción do goberno.



Finalmente insistir como xa ven dicindo nos orzamentos anuais (di o Sr. Secretario), que é necesario proceder a unha planificación dos recursos humanos do Concello, regularizando postos de traballo á vista de si son estruturais ou non en base ó artigo 22.2 da Lei 39/2010.

Interven o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que simplemente ratificarse no manifestado na Comisión, simplemente dicir basarme no informe do Sr. Secretario, onde non hai cuestións xurídicas que podan anular o acordo, de aprobación do presuposto simplemente son cuestións de tipo político, valoracións políticas de propostas diferentes ó respecto, polo tanto isto non son cuestións ou defectos, en algúns casos dos que se alude polo voceiro do PP de tipo subsanable en todo caso, poolo tanto a miña posición vai a ser a mesma, e vamos a rechazar as alegacións.

Interven o voceiro de BNG Sr. Mesías Farías, manifestando que reserva a súa intervención para as propias alegacións.

**Sometense a votación as Alegaciones presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular, e o Pleno do Concello por 4 votos a favor do Grupo Municipal do P.P. 7 votos en contra 6 do PSdeG-PSOE e 1 NAL e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda rechazar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular.**

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal do BNG Sr. Mesías Farías, quen expón as alegacións presentadas polo seu grupo: bo día a todos e a todas, é sorprendente presentar as alegacións que presentamos e por quen ten que respostar, se nos resposte nin que si nin que non nin todo o contrario, entón o que vou a facer e ceñirme o que son as alegacións e os puntos que nos propuxemos. Primeiro nos adiantamos que na documentación entregada ós membros da Comisión Informativa de Facenda que dictaminou o proxecto de orzamento nos faltaba o estado de execución do exercicio de 2011, responde o Sr. Secretario que se podería solventar esto dalgunha maneira, segundo punto resulta grave que o anexo de persoal levado a Comisión de Facenda non coincide este anexo co levado a Pleno, tampouco coincide co que se pretende aprobar hoxe, eso é para dicir para que nos entendamos, que cando se fai a Comisión de Facenda se nos leva o cadro de Persoal, e logo cando se leva a Pleno se leva outro cadro de persoal, e cando se presenta a documentación na Deputación de A Coruña, se presenta outro cadro de persoal, o que é o mesmo é como se o Concello de Ares, presenta o cadro de persoal do Concello de Mugardos, cando vai a Pleno



presenta o cadro de persoal do Concello de Ares, e o que manda á Deputación e o cadro de persoal do Concello de Ferrol, nos opinamos que esto desde logo non ten sentido a non ser que se queiran facer mal as cousas, e que haxa algo que queiramos tapar.

Nas bases que se utilizan para a obtención dos ingresos que se imponen, a noso xuízo non se teñen en conta as consideracións emitidas polo informe económico financeiro, no que se di textualmente que o Concello de Ares no que se refire o exercicio de 2013 deberá elaborar o orzamento tendo en conta que os ingresos derivados do sistema de financiamento e o resto dos recursos das entidades locais veranse condicionados polo escenario económico de recesión, estando en relación ao endebedamento, ao que dispoña o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e, no seu caso, á Lei Orgánica que desenvolve o artigo 135 da Constitución. E logo fanse as seguintes previsións de ingresos que poderíamos considerar como temeridades contables como é o prezo público pola prestación do servizo de asistencia ó fogar que é o resultado de aplicar unha tarifa que incumple a normativa da Xunta de Galicia para súa determinación, o porcentaxe das tablas aplicaranse sobre os custes do servizo non sobre a capacidade de renda, que ven a supor unha maior previsión de ingreso, o aumento de previsión previstos nos orzamentos do 2013 veñen a supoñer un incremento do 27,28% nos impostos, dun 23,48% nas taxas e dun 47,29% nos prezos públicos dun 55,77%, eses incrementos son superiores os que serían de aplicación directa do incremento aplicado nas ordenanzas fiscais e non se corresponden a un escenario económico de recesión, do anterior podemos concluir que están inflados artificialmente os ingresos a fin de presentar un equilibrio contable para con os gastos que é que se esixe.

Logo no punto 4º Informe económico financeiro dos orzamentos asinado polo Secretario-Interventor do Concello en virtude do artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, remata textualmente “Na sua consecuencia, coas previsións que anteriormente quedan expresadas, coas excepcións efectuadas, logrouse a xuízo do funcionario informante a efectiva nivelación do referido orzamento”.

Así pois queda xa manifestado no propio informe do Secretario a existencia de excepcións que contradin que nos presupostos se acade a efectiva nivelación do Orzamento xa que, non se corruxiron ningunha das excepcións efectuadas polo Interventor no trámite da aprobación Orzamentaria, excepcións que se reproducen de seguido: Contratación de persoal –non se ten en consideración;



Elaboración do Orzamento (se obvia a observación); Relación de postos de traballo (non se ten en conta nada do mencionado) a respecto da RPT e todo eso; Organos de Goberno (non se regula nada ó efecto) como dicía o Sr. Secretario que lle parecían moitas reunión dos órganos de goberno; Praza de Interventor (non se teñen en consideración).

Entonces así a todo nos o que decimos que hai unhas taxas e prezos públicos que nos denunciámos antes da Comisión de Facenda, e non se nos fixo caso sabendo que nos tiñamos a razón, non se nos quixo dar razón sabendo que se quería dilatar o tempo, e que pase o tempo e logo xa se amañará, e estamos diante de casos que nos creemos que constituen supostos de nulidade de Pleno dereito os seguintes: que é contratación de novo persoal por infrinxir a Lei 17/2012, e a fixación do prezo público para o SAD coa infracción da normativa Autonómica para o servizo.

Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: manifestando que á mesma intervención que fixo na reclamación do PP, son cuestións de valoracións políticas o respecto, e eu me vou a basar nos informes tanto do orzamento como das alegacións por parte do Sr. Secretario-Interventor, xa que se non foran susanables no informe viría claro a nulidade, que non se axustaba a Dereito, polo tanto eu me vou a basar, no informe xurídico por parte do Sr. Secretario e senón que cambie os informes polo tanto me vou a manter no meu posicionamento.

Resposta o Sr. Mesías Farías: di o Sr. Secretario “do resto das alegacións efectuadas polo grupo municipal do BNG, dado que recollen observacións desta Secretaría efectuadas no informe económico-financieiro, asuméñse polo funcionario que suscribe”, quero dicir nos facemos as alegacións, o Secretario nos di que el xa o fixera no seu informe económico financieiro, pero aquí non se manifesta se son nulas, e dicir de nulidade, logo aquí o que nos falla e a contestación do Secretario, que o diga aquí, se non había ningún problema que o diga aquí, e nos da razón nas alegacións que presentamos que son as que non nos contestou.

Sr. Alcalde, xa o explicou na xunta de voceiros, xa se puxo de manifesto, ti tes dereito a acceder a informes do Sr. Secretario coa sinatura dun tercio dos Concelleiros, se de trece tes dous e non podes cumprir o regulamento non o podes soslaiar no Pleno pidindo informes in vocce porque é un fraude de lei,



entonces ti te adicas a utilizar o regulamento no que te convén, e no que non te convén non, o Sr. Secretario Interventor fixo o seu informe, se neste informe non di o que ti queres, non é efectivamente seu problema, e teu problema el fixo o seu informe e a Pleno ven co seu informe, que non di o que ti queres, pois pides de acordo co regulamento e por escrito un informe o problema e que tes dous concelleiros e tes que ter tres, e como non podes cumprir o regulamento intentas facer un fraude de lei en todos os plenos pedindoos in voce, e eu como Alcalde che digo que o Informe do Secretario está no punto, se cumpre a legalidade, se queres un informe que diga outra cousa distinta pideo por escrito, que tes o teu dereito de acordo co regulamento, pero non entorpezas os puntos da Orde do Día, veñen dictaminados pola Comisión, que foron a xunta de voceiros, e que veñen co informe preceptivo do Sr. Secretario, que non te gusta o que di este informe do Secretario, pero eso non é un problema en consecuencia agotados os turnos de intervención e fixadas as posicións sometese a votación a alegación do grupo Municipal do BNG.

O Pleno da Corporación por 7 votos en conta (6 PSdeG-PSOE e 1 NAL, 4 abstencións do PP, e 2 votos a favor do BNG), acorda rechaza-las alegacións presentadas polo grupo municipal do BNG.

Acto seguinte sometese a votación a aprobación definitiva do Orzamento para o presente 2013, e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 1 NAL, e 6 votos en conta (4PP e 2 BNG), acorda aprobar definitivamente o Orzamento Municipal para 2013, elevando a definitiva a aprobación inicial efectuada por el Concello Pleno en sesión celebrada el día 15 de xaneiro de 2013.

Sr. Alcalde, dirixíndose o Sr. Sixto Galiano, simplemente por respostarte que antes non tiña o dato, no 2006 cando eu cheguei a Alcaldía o Alcalde Popular que había gañaba 45.200 euros, eu cheguei a Alcaldía no 2007 e no 2010, e dícir os cinco anos de ser Alcalde empecei a cobrar 43.000 euros, pero bueno 2000 menos que teu Alcalde.

Sr. Sixto Galiano, pero estamos na maior crise que hai, cando vostede chegou a Alcaldía si que é certo que había en caixa 2.200.000 euros.

Sr. Alcalde, efectivamente eu asinei nalquel momento a recepción das contas, non me lembro da cantidade, pero en calquer caso disponible so había 700.000 euros, pois deixou o Concello sen pagar, o mobiliario sen pagar, as facturas do quebrante de auga o déficit de Aquagest sen pagar, había medio millón de euros de déficit en



Aquagest, así tamen eu deixo 700.000 euros de cash, se 43.000 euros, que levo cobrando de Alcalde durante un ano e cinco meses te parece esaxerado, ponte no 2006, simplemente te digo eso, por certo gaña máis o Alcalde de Pontedeume que é do Partido Popular, e evidentemente somos un Concello na mesma ratio.

Sr. Sixto Galiano, non, non é así.

### **CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBERNO.**

#### **PUNTO 10º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucions adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dáse por enterado.

#### **PUNTO 11º.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.**

Non hai, mocions.

Antes de pasar o turno de rogos e preguntas o Sr. Alcalde, pregunta os voceiros, se teñen algunha mocion para someter á consideración do Pleno pola vía de urxencia, manifestando o Sr. Mesias Farías, que eles presentaron Mocions e non se incluíron na Orde do día, polo que volvemos a estar outra vez co mesmo, no Regulamento Organico Municipal se establece que as Mocions se van en tempo e forma deben de incluírse,

Sr. Alcalde, di que o punto é Mocions pola vía de urxencia.

Sr. Mesias Farías, é por unha cuestión de Orde.

Sr. Alcalde, as cuestións de Orde as decido eu.

Sr. Mesias Farías, eu pido a palabra.

Sr. Alcalde, pero non te dou a palabra; 1º aperceibimento Emilio, nunca votei a ninguén dun Pleno, pero te garantizo que se non cumples, hai que cumprir a Orde do Día,.....





Sr. Alcalde, tes mocións pola vía de urxencia, é un desacato Emilio, non podes alegar o regulamento para o que te convén, te retiro a palabra,

Sr. Mesias Farias, vostede esta inclumplindo .....

Sr. Alcalde ¿Mocións pola Via de Urxencia?,

Sr. Alcalde primeiro apercebimento, non entorpeza o desenrolo do Pleno, perdone non entorpeza o denserolo do Pleno, segundo apercebimento.

Sr. Mesias Farias, .....

Tercer apercebimento Emilio, ou te calas ou te expulsado do Pleno,

Sr Mesias Farias.....,

Sr. Alcalde, Sr. Secretario que conste en acta o desacato do portavoz do BNG.

Sr. Mesis Farias, pero ainda non me expulsou do Pleno.

Sr. Alcalde van tres avisos ainda non te expulsei, que conste en acta o desacato, está entorpecendo a labor Plenaria, non esta permitindo dirixir o Pleno, e non esta atendendo as instrucións de quen dirixe o Pleno que é o Alcalde, estamos non punto de Mocións pola via de urxencia.

Sr. Mesias Farias, estamos no punto.....

Sr. Alcalde ten a palabra o voceiro do Partido Popular para expoñela,

Sr. Mesias Farias, cando non prospera unha moción pola via de urxencia ten que ir automáticamente na seguinte sesión pola vía ordinaria e esto levamos xa desde o 3 de agosto.....

Sr. Alcalde fai constar que segue a interrompir o desenrolo ordinario da sesión e non hai maneira.

Sr. Mesias Farias desde o 3 de agosto que presentamos esta moción e non nos foi incluída.....

Sr. Alcalde estas cometendo un desacato Emilio, é a cuarta vez que te retiro a palabra, non tes a palabra Emilio, en rogos e preguntas, preguntas o que consideres oportuno, isto é mocións pola vía de urxencia, tes mocións pola via de urxencia ou non, por favor que se presente o Alguacil, que se presente a Policia por favor, que conste en acto o



desacato, a desobediencia, e o entorpecimento da Sesión Plenaria, para os efectos de derivar as responsabilidades que .....

Sr. Mesias Farias, vostede nos ten que responder as razóns de porque non cumpre o que ven aquí cando xa o dixemos, xa lle mandamos un escrito o día 7 de febreiro onde nos xa lle dicimos todos estes puntos, vostede non os quere solventar, e se non os quere solventar e porque a vostede non lle interesa facelo, e se non lle interesa facelo é porque vostede está incumplindo, este dereito que temos nos .....

Sr. Alcalde, quinto apercibimento, queres parar e deixar que se presenten as Mocións pola vía de urxencia.

Sr. Fernandez Permuy, pero resposta.

Sr. Alcalde, ¿vou a facer o que a ti te de a gaña?, estou dicindo que o punto da Orde do día son mocións pola vía de urxencia.

Sr. Fernandez Permuy, é igual,

Sr. Alcalde, por favor non estas no uso da palabra, ¿de acordo?.

Sr. Mesias Farias.....

Sr. Alcalde 6º apercibimento, non se pode desenrolar así o Pleno Sr. Secretario.

Sr. Fernandez Permuy, pois enton o que hai que facer e facer as cousas ben.

Sr. Alcalde non, non ....

Sr. Mesias Farias, aquí resulta que vai a vir a Policía a sacarme a mín .....

Sr. Alcalde, non a sacarte non a seguir acreditando o desacato que estas cometendo, xa o esta acreditando o Sr. Secretario, e agora o vai a acreditar o Cabo, eu non vos meto as mocións que vosoutros os de a gana, e xa o expliquei as metedes pola vía de urxencia, ....., estades interromplido o desenrolo do Pleno e é un delito, de acordo, tedes que ateneros á orde do día, ....., que conste en acta todo o que está sucedendo aquí, te retiro o uso da palabra.

Sr. Mesias Farias, xa está.

Sr. Alcalde, non a novena me fixo caso.



O Grupo Municipal do Partido Popular, pola Via de Urgencia presenta a seguinte Moción:

“MOCION AL PLENO DEL CONCELLO DE ARES.

EL GRUPO MUNICIPAL DEL P.P. DE ARES AL AMPARO DE LA LEGISLACIÓN VIGENTE PRESENTA LA PRESENTE MOCIÓN.

1º.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Aprobado en el Pleno de la Corporación y Publicado en el BOP las tasas de Servicio Básico de Ayuda a domicilio y ayuda a la dependencia de Servicios Sociales que entraron en vigencia el mes anterior y que se ajustaban a la legalidad.

Este Grupo Municipal teniendo conocimiento de diversos usuarios de este servicio que por parte de los responsables de los servicios sociales de este Concello aplicaron otras tasas solicitamos

PROPUESTA DE ACUERDO:

Les sean reintegrados con efecto retroactivo a los usuarios de este servicio los importes de dichas tasas por entender que el incremento aplicado hasta ahora no se ajusta a derecho.”

Sr. Alcalde, a pesar de que o bloque quere facer o que quere, pola vía de urxencia sempre se lle da a palabra ós grupos, para que expongan efectivamente o tema, non se impida que veñan as Mocións e que o publico as coñece, o que eu non asumo son sistemáticamente súas políticas.

Sr. Mesias Farias, ¿e nos as tuas si?.

Sr. Alcalde, non perdona ti tes que asumir en virtude dun resultado democrático polo cal eu son Alcalde, e tes que respetar a maioría, seguides interrumpindo a orde do día, mira tiñades a palabra para expoñer mocións pola vía de urxencia, e fixechedes o que fixechetes consta en acta e dirimiremos as responsabilidades a quen den lugar, punto e xa está.

Toma a palabra o Sr. Sixto Galiano, manifestando que houbo usuarios que se queixaron ó seu grupo, antes pagaban unha cantidade e agora pagán outra inferior, entonces a moción ven a solicitar que se devolva a xente este o diñeiro cobrado de máis.



Sr. Alcalde, nunca se aplicaron as taxas, obxesa desde o Concello se notificou de acordo con un Decreto a subida, de acordo, e lle dixemos a unha serie de persoas que lles subía, e a Xunta nos chamou e nos dixo que non que había que subirlle a estas outras, e nos lle dixemos que nos según a túa orde creemos que temos que subirlle a estas, porque é en función de renda, de capacidade económica e de intensidade horaria, pero a Xunta nos dí que non que só é en función de capacidade económica, entón como desde o primeiro momento había unha problemática non a aplicamos, entón ningun pagou.

Sr. Sixto Galiano, eu teño outra información.

Sr. Alcade, vamos a votar a urxencia; sometida a votación o Pleno da Corporación por 6 votos a favor 4 P.P. e 2 B.N.G. 6 votos en contra do PSdeG-PSOE, e 1 abstención de NAL, acorda rechazar a urxencia ó non acadar a maioría absoluta.

#### **PUNTO 12º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Sr. Fernández Permuy, e pregunta porque a resolución da Alcaldía núm. 21-13, de prórroga da contratación dunha praza de peon chofer conductor, porque non aparece o informe do Secretario, esa é a primeira pregunta.

A seguinte pregunta ven un pouco a colo da Moción que presentou agora o PP, se aproban unhas taxas da Lei de Dependencia en decembro e que se vai a facer se se van a aplicar esas taxas ou non se van a aplicar, porque eu entendendo que si non se van a aplicar esas taxas, deberían vir aquí a este Pleno que taxas se van a aplicar, polo tanto haber si se nos aclara ese punto.

Por outra parte xa remato, se hai algún plan para o mantemento dos camiños, porque é un desastre, e pese a que o BNG en distintas ocasións meteu Mocións, aquí non se fixo caso a ningunha delas.

Toma a palabra o Sr. Sixto Galiano, en principio quería que me respostara a pregunta que formulei no último Pleno que ten que respostar neste, temos constancia que houbo unha inspección da Xunta e que tuvo unha resolución nun documento, eu pedin por escrito rexistrado do día 21 e nun prazo de cinco días teño que ter acceso o documento.

Sr. Alcalde, ten que ter contestación, e despois vai a Comisión, pero vai a ir a Comisión de Servicios.



Sr. Sixto Galiano, intuimos que se cambian as taxas neste impas de tempo algo haberá pasado-

Esta xa preguntei tamén no outro Pleno, tiñamos entendido que había unha serie de negligencias na Construcción da Casa do Patin, solicitamos no seu día o acceso o expediente, se me respostou por vostede que podía ir con vostede a Madrid e tal, si que é certo que podo ir a calquer sitio pero a información non teño acceso a ela.

Sr. Alcalde, si se te respostou e se dí que tes acceso á información.

Sr. Sixto Galiano, a información entendo eu que se debe dar en tempo e forma.

Sr. Alcalde, eu a din que a teño, e dicir eu efectivamente fun a Madrid estiven co Director Xeral, e vai a ir a Comisión.

Sr. Sixto Galiano, entonces eu busquei información por outro lado, chamei o Ministerio, o que me dixeron que unha financiación do Fomento Estatal de Inversión Local cun importe transferido de 231.907 euros para esta obra, tuvo un contral da Administración Xeral do Estado, e se puxo de manifesto o seguinte: incumprimento do prazo do Real Decreto para realizar a adxudicación provisional definitiva, eso implica o reintegro total, dúas certificacións se pagaron superando o prazo de 30 días, reintegro parcial de 51.005,35 euros, incumprimento do compromiso de contratación por parte do contratista, reintegro parcial de 6664 euros, con penalidade imposta o contratista, existencia de partidas alzadas sen xustificación nin desglose algún, reintegro parcial de 6315,80 euros, abono de 3 certificacións con cargo a aplicación extrapresupuestaria, irregular tramitación dun modificación sen que exista crédito, abono de certificacións de obra aplicando unha baixa que non foi ofertada. Nas alegacións do Concello non alegaron ningún destes incumprimentos so intentaron xustificar insuficiencia de elementos ou erros puntuais; entonces a pregunta é o expediente xa está finalizado e xa se emitiu o documento 069 que é o documento para o pago para a devolución do importe total que ascende a 234.926,87 euros, dos que 33.089,87 euros son de intereses, o prazo de pago en voluntaria remata o día 5 de marzo, esto se é así, e que é sangrante, como pode haber unha cantidade de irregularidades tan esaxerada.

Sr. Alcalde, é rogos e preguntas, non é un discurso, xunta de portavoces aceptamos que calquera pode preguntar, pero que ían a ser puntuais, colledes o regulamento para o que os convén, fai a pregunta.

Sr. Sixto Galiano, é certo que se incumpriron os prazos do Real Decreto Lei para realizar a contratación provisional e definitiva. E certo que o expediente está finalizado



e ten que devolver antes do 5 de marzo 234.000 euros, e certo que houbo 3 certificacións con cargo a unha apliación extrapresupuestaria, e certo que houbo unha tramitación dun modificación sen que exista crédito, e certo que nos piden esa cantidade e que o vai a recurrir nun contencioso-administrativo que se se perde hai que pagar un 20% máis.

Resposta o Sr. Alcalde, na Resolución 21-13, e unha prorroga do contrato como peon de obras e mantemento municipal, pois hai unha proposta da Concelleira de Persoal e hai unha resolución da Alcaldía que efectivamente xustifica a necesidade urxente e inaplazable de manter esta praza desta categoría profesional por ser prioritaria e nese sentido efectivamente nos axustamos as circunstancias que efectivamente establece o real Decreto para contratar, se xustifica a razón do servizo e nese entido pois esa é razón efectivamente da prorroga, como ves non hai ningún repara de intervención e Secretaria, non hai absolutamente nada, e en consecuencia procedemos á contratación.

Sr. Fernández Permuy, pero non hai informe do Sr. Secretario.

Sr. Alcalde, non hai informe negativo.

Sr. Fernández Permuy, pero tampouco posito.

Sr. Alcalde, mira sacades un concelleiro máis e pides os informes que te pete, pero necesitas un Concelleiro máis.

En canto as taxas de Servizos Sociais, xa foi a Comisión, e en Comisión de Servizos Sociais, xa falamos que efectivamente a Xunta de Galicia modifica o Decreto e en consecuencia os tramos para o calculo do COPAGO tanto en axuda a domicilio como en Dependencia nosoutros o interpretamos como sempre se interpretou, capacidade económica e intensidade horaria, pero efectivamente a Xunta de Galicia que modificou o criterio de interpretación e di que só debe de ser capacidade económica, entonces efectivamente nosoutros mentres non temos ningúnha resolución aplicamos o que aprobamos no Pleno, xa dixeran en comisión informativa e tamén en xunta de voceiros que hai unha resolución por escrito da Xunta de Galicia que di que teño que cobrar de acordo coa capacidade económica, entonces en función de que se cobran as taxas, da execución dunha resolución da Administración, que é autoexecutable por que non a vamos a recurrir o contencioso, entonces se cobran as taxas en execución dunha resolución da Xunta de Galicia, non se poden cobrar en función dunha ordenanza que di outro diñeiro que di outras cousas, entonces a propia Xunta de Galicia nos di, se



cobra así, e o Concello cobra executando a resolución da Xunta, porque non podemos cobrar en función da ordenanza porque a Xunta dos dí que non estábamos interpretando ben o criterio, o interpretamos como sempre se interpretou, capacidade económica e intensidade horaria, e a Xunta a que modifica o criterio e di que ten que ser so a capacidade económica, e mentres non o notificou por escrito non cobramos nada, estivemos esperando e agora xa o temos por escrito e é o que vamos a dar cumprimento.

Por suposto hai mantemento de viais, e loxicamente é público e notorio todos os viais que foron asfaltados ou que tiveron un tratamento nos últimos cinco ou seis anos, e si e certo que con ocasión da execución das obras da EDAR pois loxicamente hai unha serie de desperfectos que antes do remate das obras teñen que quedar perfectamente e logo hai unha serie de deterioros que teñen que ver con acontecementos que se reproducen máis veces das que quixeramos que é a actuación de madeiros, e efectivamente o mal tempo tivemos este ano, é público e notorio que este ano choveu moísimos e que eso dalgunha maneira tamén dificulta o mantemento de camiños, porque efectivamente a auga traballa e deteriora, desde logo abrimos moitos camiños, asfaltamos moitísimos camiños e evidentemente seguiremos facendoo este ano como sempre fixemos e en consecuencia poremos toda a dilixencia para corrixir estas situacións que loxicamente sabemos que existen porque sabemos que hai sitios que caeron comaros, sabemos que a EDAR co paso de camiños se deterioraron camiños, e sabemos que en algunos camiños, os madeiros fan o que lles da a gaña, intentaremos nese sentido facer e seguir facendo o que sempre fixemos que é controlar esas situacións como fixemos efectivamente durante os últimos seis anos.

O informe de inspección da Xunta a esa resolución xa dixen que irá a Comisión Informativa, xa temos a resolución nos obriga a cobrar dunha maneira a executamos e eso vai a ir a Comisión de Servicios sociais.

O expediente a Casa do Patín efectivamente tamén ten que ir a Comisión Informativa, porque efectivamente é un expediente loxicamente con o que non estamos de acordo, non é que nos non estemos de acordo é que este expediente se tramita desde o punto de vista xuridico por Secretaria, e é a Secretaria a que non esta de acordo con o que efectivamente entende dalgunha maneira e así loxicamente recolle por escrito, diferentes resolución do Ministerio de Facenda, ningunha das preguntas que fixeche é certo, son afirmacións que verte un auditor, todo o que dí a Administración Central de devolución non se xustifica en aplicación do principio de



proporcionalidade, o principio de proporcionalidade é forte e un dos principios máis importantes que presiden o dereito Administrativo, entonces de acordo co principio de proporcionalidade non te poden solicitar o reintegro do que ti fixeches, porque efectivamente te dan 200.000 euros, pero fixeches unha obra por 200.000 euros, entonces de acordo co principio de proporcionalidade non cabe, porque os fondos son finalistas e se gastaron no destino final para que estaban destinados para unha Casa da Xuventude, o resto si Titin cando remata a obra nun plan de Fomento do Emprego seguen con dous contratados pois mellor non, o rematar a obra non os despediu, que fixemos o pago e certificamos todo nun día, e que, que nos retrasamos en algún ámbito algúns días, pero si se subsana, porque o final en prazo fixemos a obra, a xustificamos e a pagamos, non hai ningúna razón para o reintegro, as razóns para o reintegro e mentira non existen en aplicación do principio de proporcionalidade, a conclusión da intervención este é un documento do propio Ministerio, no que dí “obiamente unha medida tan contundente como esixir o reintegro total da axuda debe evaluarse considerando o principio de proporcionalidade”, entonces en atención a eso nos lle dicimos se ti estas recoñecendo por escrito que en atención o principio de proporcionalidade non procede, se o final gastamos no destino finalista o diñeiro que é a Casa da Xuventude, igual que no Concello de Ares o Sr. Secretario ten as súas funcións pero a responsabilidade política é do Alcalde, o Sr. Secretario poderá dicir que non considera oportuno que se contrate a non sei quen, porque efectivamente estamos nun Plan de Axuste, o Secretario poderá emitir as súas opinións, pero a quen elixiu o pobo é o Alcalde, o Alcalde decide e o Alcalde se come o bo e o malo, e se o Alcalde acerta acertou e se o Alcalde se equivoca se equivocou, esa é a responsabilidade política. Entonces en Madrid hai un Director Xeral que ten a mesma responsabilidade política e que non se pode escudar nun auditor, porque efectivamente hai que decirlle xa, que o auditor dice que proceden eses reintegros tamén esta dicindo que debe considerarse o principio de proporcionalidade, que pasa lees o que ten convén, entonces en atención a esa defensa non vamos a facer o reintegro vamos a acudir a un contencioso. Non hai razóns para o reintegro, vamos a ir a un contencioso, como tivemos que ir coas Anclas, como tivemos que ir coas de axuda a domicilio como todas estas sentenzas que van vindo, e o final a xustiza nos vai a dar a razón porque a temos, o Dereito a Tutela Xudicial Efectiva é un Dereito Fundamental, non estamos de acordo coas peticións de reintegro porque consideramos que non proceden, entonces efectivamente además temos un Aval informes do propio Ministerio entonces que fagan o que consideren oportuno, nos vamos a defender os intereses de Ares como os defendimos sempre, e como se está acreditando que ben defendidos están que gañamos todos os xuízos.





Sr. Sixto Galiano, todos os xuízos non os gañaron, que simplemente me acordo dunha señora de axuda a domicilio que lle tiveron que pagar 18.000 euros-

SR. Alcalde, a extinción laboral que era o que defendíamos a gañamos.

Sr. Sixto Galiano, me resposta a pregunta se é certo que o expediente está finalizado e se ha emitido o modelo 069 de recadación por 239.000 euros e o prazo de voluntaria remata o cinco de marzo.

SR. Alcalde esta no contencioso.

Sr. Sixto é certo esa pregunta.

Sr. Alcalde, non o sei.

Sr. Sixto Galiano, a non o sabe, con esta cantidade non sabe cando remata un pago voluntario.

Sr. Alcalde mira Sixto a min me parece Dantesco, eu non sei se o cinco de marzo terminaba, te estou dicindo que si rematara ou non esta no contencioso cunha petición expresa de este Concello que non o vai a devolver, de acordo, se o 5 de marzo pechaba un prazo ou non, non o sei, o tema esta no Contencioso e loxicamente non hai ningunha razón que xustifique a devolución.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trece minutos do día ó comenzo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,